



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

COMISIÓN INFORMATIVAS DO CONCELLO DE CARRAL **(MANDATO 2019-2023)**

Constitución de comisións informativas permanentes

En votación ordinaria, con oito votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros do grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral e dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE) fronte a un voto en contra (da señora concelleira non adscrita) e coa abstención dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, o Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria organizativa 2ª, realizada o mércores 24 de xullo de 2019, adoptou os seguintes acordos na materia indicada, que se transcriben literalmente na súa parte dispositiva:

1.-Constituir as Comisións Informativas Permanentes que se relacionan a seguir:

-Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.

-Comisión informativa especial de contas.

2.-Determinar que a composición de cada unha delas, para posibilitar a participación con proporcionalidade en relación cos resultados obtidos nas eleccións locais do 26 de maio de 2019 polos grupos políticos presentes na Corporación, sexa a seguinte: Ademais, da Presidencia (sen voto, agás o de calidade, no seu caso), cada comisión contará cun/ha representante de cada grupo municipal, con voto ponderado segundo o establecido nos artigos 66.2 e 68.5 LALGA, cos seguintes valores:

Grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, 5 votos

Grupo municipal do Partido Popular, 4 votos

Grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, 3 votos

Señora concelleira non adscrita a ningún grupo, 1 voto.

3.-A adscrición concreta a cada comisión dos/as membros da Corporación que deban formar parte daquela en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro de cada un de tales grupos dirixido ao Alcalde-Presidente, designación da orde de suplentes, e do que se dará conta ao Pleno.

4.-O Alcalde-Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; Porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

5.-As Comisións Informativas realizarán as súas sesións con anterioridade ás dos órganos en relación a cuxos acordos deban emitir ditame previo, co mesmo carácter (ordinario ou extraordinario) que as sesións de tales órganos, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, tendo en conta que as sesións ordinarias se realizaran os luns anteriores ás sesións ordinarias do Pleno (ou con dous días hábiles de antelación, se a sesión plenaria non se realizase o xoves correspondente), dende as trece horas.

6.-As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e demais normativa concordante.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

-Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.

Conforme ao preceptuado nos artigos 68.5 LALGA e 125 c) ROF, a adscrición dos compoñentes de cada grupo municipal a esta Comisión Informativa, realizouse mediante os seguintes escritos:

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal do PP, D. José Luis Fernández Mouriño, con entrada no rexistro xeral do Concello o 31 de xullo de 2019 (nº 1.535), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes: *“(…) a calquer concelleiro do Grupo Municipal Popular. Asemade notifíquese o Voceiro, José Luis Fernández Mouriño, a convocatoria das comisións informativas”*.

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, con entrada no rexistro xeral do Concello o 01 de agosto de 2019 (nº 1.740), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes:

Titular: Francisco Javier Bello Hermida

Suplente: Susana Guimarey García

Suplente: Rubén Antonio Caamaño Rodríguez

Suplente: Mercedes Caridad López

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D. Pablo Couto López, con entrada no rexistro xeral do Concello o 05 de agosto de 2019 (nº 1.757), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes:

Titular: Jesús Cetina Mochales

Suplente: Pablo Couto López

Suplente: Lucía Vázquez Mouriño

-Escrito da Señora concelleira non adscrita, D^a. Florinda Duarte Gerpe, con entrada no rexistro xeral do Concello o 05 de agosto de 2019 (nº 1.758), no que indica a súa adscrición a esta comisión informativa.

Estando presentes na **sesión da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno do Concello de Carral (A Coruña) Nº 4/2019 (6/2019 de comisións informativas), ordinaria e constitutiva (mandato 2019-2023), realizada o luns 23 de setembro de 2019**, os/as membros que lle corresponden a cada grupo municipal no órgano (titulares ou suplentes) e a señora concelleira non adscrita, e que representan á maioría absoluta dos votos que lles corresponden, quedou constituída nese acto formalmente a Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno do Concello de Carral para o mandato 2019-2023.

De acordo co establecido no artigo 125.a) ROF, segundo o cal *“(…) El Alcalde o Presidente de la Corporación, es el Presidente nato de todas ellas; sin embargo, la Presidencia efectiva podrá delegarla en cualquier miembro de la Corporación, a propuesta de la propia Comisión, tras la correspondiente elección efectuada en su seno.”*, e non se presentou ningunha proposta da comisión para a elección no seu seo doutra persoa integrante dela a efectos de que o Presidente lle delegue a presidencia.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

-Comisión informativa especial de contas.

Conforme ao preceptuado nos artigos 68.5 LALGA e 125 c) ROF, a adscrición dos compoñentes de cada grupo municipal a esta Comisión Informativa, realizouse mediante os seguintes escritos:

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal do PP, D. José Luis Fernández Mouriño, con entrada no rexistro xeral do Concello o 31 de xullo de 2019 (nº 1.535), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes: *“(…) a calquer concelleiro do Grupo Municipal Popular. Asemade notifíquese o Voceiro, José Luis Fernández Mouriño, a convocatoria das comisións informativas”*.

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, con entrada no rexistro xeral do Concello o 01 de agosto de 2019 (nº 1.740), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes:

Titular: Susana Guimarey García

Suplente: Francisco Javier Bello Hermida

Suplente: Rubén Antonio Caamaño Rodríguez

Suplente: Mercedes Caridad López

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D. Pablo Couto López, con entrada no rexistro xeral do Concello o 05 de agosto de 2019 (nº 1.757), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes:

Titular: Jesús Cetina Mochales

Suplente: Pablo Couto López

Suplente: Lucía Vázquez Mouriño

-Escrito da Señora concelleira non adscrita, D^a. Florinda Duarte Gerpe, con entrada no rexistro xeral do Concello o 05 de agosto de 2019 (nº 1.758), no que indica a súa adscrición a esta comisión informativa.

Estando presentes na sesión **sesión da Comisión Especial de Contas do Concello de Carral (A Coruña) nº 2/2019 (5/2019 de comisións informativas), extraordinaria e constitutiva (mandato 2019-2023), realizada o xoves 29 de agosto de 2019**, os/as membros que lle corresponden a cada grupo municipal no órgano (titulares ou suplentes) (agás a señora concelleira non adscrita), e que representan á maioría absoluta dos votos que lles corresponden, queda constituída neste acto formalmente a Comisión especial de contas do Concello de Carral para o mandato 2019-2023.

De acordo co establecido no artigo 125.a) ROF, segundo o cal *“(…) El Alcalde o Presidente de la Corporación, es el Presidente nato de todas ellas; sin embargo, la Presidencia efectiva podrá delegarla en cualquier miembro de la Corporación, a propuesta de la propia Comisión, tras la correspondiente elección efectuada en su seno.”*, e non se presentou ningunha proposta da comisión para a elección no seu seo doutra persoa integrante dela a efectos de que o Presidente lle delegue a presidencia.